




## TRES ESPECIALISTAS EN UROLOXÍA DO ÁLVARO CUNQUEIRO OBTIVERON A MÁXIMA CERTIFICACIÓN EUROPEA DE EXCELENCIA

- *A "Fellow of European Board of Urology" é un prestixioso recoñecemento a nivel europeo que garante a calidade dos profesionais, avaliando a súa formación nun marco internacional da especialidade*
- *Tiveron que superar dous exames, un escrito e outro oral, que acreditaron que os seus coñecementos acadan o estándar europeo*

**Vigo, 12 de decembro de 2023.** Os facultativos especialistas de Uroloxía do Álvaro Cunqueiro, Sabela López García, Sheila Almuster Domínguez e Miguel Pérez Schoch obtiveron a certificación de *Fellow of European Board of Urology*, tras realizar o último exame na cidade europea de Leuven (Bélxica).



*De esquerda a dereita: Sabela López, Sheila Almuster e Miguel Pérez*

O *European Board of Urology* é unha certificación de calidade que garante que os aspirantes teñan cumprido cos requisitos educativos, prácticos e de revisión establecidos pola sección de Uroloxía da *Unión Europea de Médicos Especialistas*. É dicir, permite acreditar que os coñecementos do aspirante acadan o estándar europeo.



En definitiva, trátase dun prestixioso recoñecemento a nivel europeo, que certifica a adecuada formación que reciben os urólogos en Europa e un selo de calidade para os profesionais que a conseguen.

### **Dous exames**

A certificación do *Board Europeo de Urología* obtense tras superar dous exames, un escrito e outro oral, que se poden realizar en varios idiomas.

O obxectivo do exame escrito é validar se o aspirante conta cos niveis requiridos de coñecementos sobre todos os temas urolóxicos actuais; e o exame oral avalía casos clínicos aos que poden enfrontarse os urólogos no seu día a día, tendo como referencia as guías clínicas da *Asociación Europea de Urología*.

Estas probas son obrigatorias para exercer a especialidade nalgúns países de Europa, aínda que en España non.